

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona rural , próxima á costa e cunha cidade grande na súa área de influencia. Conta con zonas verdes, zonas de viveiros de plantas e como zona rural moitos recursos que podemos utilizar na área de Ciencias Naturais.. Este centro é de liña un, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal vai destinada esta programación é o de 2º de primaria . Conta cun total de 11 alumnos , sendo 4 nenos e 7 nenas .Se analizamos os resultados do ano anterior, atopamos que todo o alumnado procede de 1º de EP. Ase mesmo na cualificación de Ciencias Naturais , todos teñen superada a área.

Durante o curso ,o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É O NOSO CORPO?	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os cambios do corpo a través do tempo, así como a identificar e coñecer as funcións máis importantes do noso corpo.	15	15	X		
2	APRENDEMOS A COIDARNOS.	O eixe vertebral da unidade xira en torno as funcións vitais do ser humano e os órganos implicados, xunto cos hábitos saudables do benestar emocional e social.	15	10	X		
3	CLASIFICAMOS ANIMAIS	Nesta unidade o alumnado centrarase no mundo animal e nos diferentes hábitats existentes. Invítase os estudantes a coñecer os diferentes grupos de animais segundo a súa clasificación, características e adaptabilidade co contorno. A través da observación da fauna existente preténdese estimular a curiosidade do alumnado e subliñar a importancia da dependencia nas relacións entre todos os seres vivos para a supervivencia das especies.	20	15		X	
4	IDENTIFICAMOS PLANTAS	A motivación nesta unidade permite ao alumnado ir aprofundando no estudo e respecto cara ao contorno natural, recoñecendo a importancia das árbores e as plantas para o sustento de todo o ecosistema e a supervivencia dos animais, xa que estas son imprescindibles como alimento e refuxio, emiten osíxeno e mesmo serven como materia prima na fabricación doutros produtos.	20	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	Durante esta unidade acercárase ao alumnado ao mundo da materia e dos materiais, coñecendo as súas propiedades e a súa orixe. Ademais, experimentarase coas substancias puras e as mesturas para coñecer de primeira man as súas características, así como coa luz e co son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.	15	10			X
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	Na actualidade facemos un uso frecuente de Internet para acceder a calquera tipo de información ou como medio para interactuar con outras persoas. Na situación de aprendizaxe desta unidade propónselles aos alumnos e alumnas unha serie de medidas que promoven o uso axeitado das tecnoloxías da información.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMO É O NOSO CORPO?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	recoñecer hábitos de vida saudable	PE	50
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo,		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	50
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida. - Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos. - Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	APRENDEMOS A COIDARNOS.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudable	PE	50
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo,		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	50
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.
- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	CLASIFICAMOS ANIMAIS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural como son os animais.	PE	50
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	50
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecendoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	IDENTIFICAMOS PLANTAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, propiedades e a organización dos seres vivos do seu entorno.	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	40
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Identificar o comportamento da luz e o son		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecendoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais

Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, , Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais,, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial será primordialmente realizado en cada unha das unidades didácticas. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Naturais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais...

A partir da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	20	15	15	100
Proba escrita	50	50	50	60	40	0	43
Táboa de indicadores	50	50	50	40	60	100	57

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

Seguiranse os seguintes criterios

CONTIDOS: 60%

-Contidos 40%

-Elaboración de fichas 20%

CAPACIDADES, ACTITUDES E VALORES: 40%

Aceptación dos erros

Actitude cara á aprendizaxe

Participación activa

Atención

Autonomía na realización das tarefas

Traballo e esforzo

Coidado do material, instalacións e o entorno

Corrección no trato

Iniciativa

Orde e limpeza na presentación das tarefas

Participación nos traballos de equipo

Relación cos compañeiros

Remate das tarefas

Resolución dos conflitos mediante o diálogo

Respecta os dereitos dos demais

Traballa metódicamente

APTITUDES: será un aspecto fundamental a ter en conta á hora de redondear, subir ou baixar unha nota.

O alumnado non pode superar a materia se nalgún dos apartados ten un 0.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

Durante o primeiro ciclo da etapa as probas escritas serán fichas elaboradas para observar o traballo de forma máis individualizada.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Débase partir de que hoxe en día se recoñece que todo alumno/a pode presentar necesidades, xa que cada un ten unhas capacidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe, valores culturaisdistintos, que xunto con factores familiares e socio económicos constitúen unha sociedade cada vez máis diversa e que plantexa moitos retos dende o punto de vista pedagóxico e didáctico dentro da escola.

Abordar con éxito este punto depende do traballo levado a cabo dende a escola, o cal debe ser interdisciplinar

e de equipo, compartindo toda a comunidade educativa responsabilidades co alumnado con necesidades educativas de calquera índole.

O Departamento de Orientación é o pilar básico xunto coas titoras, para atender as necesidades educativas do alumnado aínda que o seu tempo é insuficiente para as necesidades do alumnado.

Neta área non hai previsto ningún apoio dende o departamento de Orientación en función dos datos obtidos do ano anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X		X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				
ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didáctica	Saídas ao cine, saídas pola contorna, a lugares de interés relacionados coa programación	X	X	X
Conmemoracións culturais aprobadas polo claustro	Día da muller, O magosto, día escolar da non Violencia e da Paz	X	X	X
Actividades propostas polo concello, AFA e outros organismos	Sen determinar e que irán xurdindo ao longo do curso	X	X	X
Excursión de fin de curso	Excursión planificada polo ciclo cunha parte didáctica e outra de ocio Normalmente en xornada de mañá e tarde			X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumno
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumno
Adáptanse as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro
Medidas de atención á diversidade
Infórmase ao alumnado dos erros e mellorías cometidos nas diferentes tarefas ou actividades
Outros
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados